

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMG12I2FO	Expediente CON/18/2018	Fecha 14-12-18 14:01

Número 28.- Proposta do concelleiro delegado de medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Lote 2: Viarios con pavimentos non asfálticos. Lote 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos".

Destinatario

15078DCMG12I2FOI



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 14 de decembro de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 28 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE PAVIMENTOS NOS VIARIOS DO TERMO MUNICIPAL EXCLUÍDO O ÁMBITO DO RECINTO INTRAMUROS DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (2018-2020). LOTE I: VIARIOS CON PAVIMENTOS ASFÁLTICOS. LOTE 2: VIARIOS CON PAVIMENTOS NON ASFÁLTICOS. LOTE 3: VIARIOS SEN PAVIMENTOS DE RODAXE ESPECÍFICOS".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 11 de decembro de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/917 de data 13.12.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos. LOTE 2: Viarios**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I2FO	CON/18/2018	14-12-18 14:01

con pavimentos non asfálticos. LOTE 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 22 de novembro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Segundo: Con data 11 de decembro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (CIF: B15608193), que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta unha baixa do 24% para o Lote I, do 22,50% para o Lote II e do 24,50% para o Lote III, a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios incorporados ao prego técnico.

Designase como técnico municipal supervisor do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

Este expediente transfórmase agora en anticipado de gasto, xa que a súa execución material non se iniciará ata o vindeiro exercicio orzamentario, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nel.

Anualidade 2019: Lote 1: 549.999,99 euros; lote 2: 299.999,99 euros; lote 3 149.999,99 euros..

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I2FO	<i>Expediente</i> CON/18/2018	<i>Fecha</i> 14-12-18 14:01

Anualidade 2020: Lote 1: 549.999,99 euros; lote 2: 299.999,99 euros; lote 3 149.999,99 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de "Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). **LOTE 1:** Viarios con pavimentos asfálticos. **LOTE 2:** Viarios con pavimentos non asfálticos. **LOTE 3:** Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos", a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (CIF: B15608193), que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta unha baixa do 24% para o Lote I, do 22,50% para o Lote II e do 24,50% para o Lote III, a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios incorporados ao prego técnico.

Desígnase como técnico municipal supervisor do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

Este expediente transfórmase agora en anticipado de gasto, xa que a súa execución material non se iniciará ata o vindeiro exercicio orzamentario, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nel.

Anualidade 2019: Lote 1: 549.999,99 euros; lote 2: 299.999,99 euros; lote 3 149.999,99 euros.

Anualidade 2020: Lote 1: 549.999,99 euros; lote 2: 299.999,99 euros; lote 3 149.999,99 euros.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Xan Xesús Duro Fernández**

